

CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DERIVADO DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO, POLO TURNO DE ACCESO LIBRE E MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA O INGRESO NA CATEGORÍA DE TÉCNICO MEDIO DE PERSOAL LABORAL FIXO DO IGAPE

En sesión que tivo lugar o 14 de setembro do 2023, a Comisión de selección nomeada para cualificar o proceso selectivo, acordou establecer os criterios de corrección, valoración e superación do exercicio, de conformidade coa base III.1.2.10 da convocatoria.

1.- CUESTIÓNS XERAIS SOBRE A PROBA

A proba consistirá na superación dun exercicio, eliminatorio e obrigatorio, que consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de cen (100) preguntas tipo test relacionado coas normas de dereito positivo que figuran no anexo II da resolución de convocatoria.

As persoas aspirantes deberán sinalar na folla de exame as opcións de respostas que estimen válidas consonte ás instrucións que se lles faciliten.

O exercicio dividirase en dous partes:

- a) A primeira parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de trinta (30) preguntas do Bloque I que terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha será a correcta.

Este bloque dispoñerá de tres (3) preguntas adicionais de reserva que serán valoradas só no caso de que se anule algunha das 30 preguntas iniciáis do Bloque I.

- b) A segunda parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico e práctico de setenta (70) preguntas do Bloque II, das que cincuenta (50) preguntas serán de contido teórico e vinte (20) preguntas serán sobre un suposto práctico tipo test, sobre un ou varios textos propostos polo tribunal. Este bloque II dispoñerá de seis (6) preguntas adicionais de reserva, sendo dúas (2) sobre un suposto práctico, que serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas ás que correspondan. As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha será a correcta.

As regras de puntuación serán as seguintes:

- Cada resposta correcta equivale a una unidade de puntuación.
- Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.
- As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de cento vinte (120) minutos.

2. DETERMINACIÓN DA SUPERACIÓN DA PROBA E DO NÚMERO DE APROBADOS

Dado que o criterio da nota de corte expresado na convocatoria consiste en multiplicar o número de prazas (2) por 4, o tribunal acorda que superarán o exercicio as persoas aspirantes que acaden as mellores puntuacións ata completar un número de 8 persoas, sempre e cando acaden en cada un dos bloques un mínimo do 50% das respostas correctas unha vez feitos os descontos correspondentes. De darse o caso de que o número de aspirantes que superasen este exercicio non sexa o previsto no parágrafo anterior, rebaixarase ao mínimo, en cada un dos bloques, do 40% das respostas correctas unha vez feitos os descontos correspondentes, sempre que non superen o número máximo de 8 persoas. O criterio expresado de obtención neste primeiro exercicio dunha porcentaxe mínima de acertos en cada bloque ven referido

respectivamente aos bloques ou partes teórica e práctica. En caso de empate, incorporaranse todas as persoas coa mesma puntuación.

O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de trinta (30) puntos.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2023

Begoña García Maneiro

Presidenta da Comisión de Selección